

Rodeiro toma posesión co obxectivo de “ser útil a Boqueixón e os seus veciños”

Ovidio Rodeiro Tato tomou posesión como alcalde de Boqueixón no pleno constitutivo celebrado no Forte. Un bastón de mando que lle foi entregado polo seu predecesor, Manuel Fernández Munín.

Tras agradecer o apoio maioritario da veciñanza o pasado 28 de maio, Rodeiro Tato asegurou que “é unha honra poñerme ao servizo dos veciños do concello onde nacín e no que sempre vivín” e destacou que “a miña principal aposta política neste novo período será a de ser útil ao concello e aos seus cidadáns. Os veciños sempre estarán antes que nada e as súas necesidades e inquedanzas serán a prioridade de todas as accións deste Goberno”.

Así, destacou que “durante os últimos anos esforzámonos dende o Concello e dende a Xunta para impulsar proxectos tan importantes como a estación depuradora, con case 2 millóns de euros de investimento, as concentracións parcelarias de catro parroquias, a creación de máis de 20 km de sendas peonís ou a substitución de todas as farolas a tecnoloxía LED”. E puxo obxectivos para o futuro: “impulsaremos da man da Xunta de Galicia o proxecto máis ambicioso dos últimos tempos para o noso concello: a transformación do Pazo de Quián



Ovidio Rodeiro recolleu o bastón de mando de mans do seu predecesor

no escaparate das enormes posibilidades que ten o noso sector primario. Así, Boqueixón converterase na capital dos concellos rurais de Galicia”.

Expansión empresarial

Así mesmo, diante da actual situación económica, Ovidio Rodeiro anunciou que traballará en dúas direccións: “por unha ban-

da, fomentaremos a expansión empresarial do noso municipio apoiando a creación de novas empresas e axudando aos nosos gandeiros, comerciantes, hostaleiros e pequenos e medianos empresarios”. Nese sentido, apunta que “ímos precisar desenvolver 60.000 m² de solo industrial na Susana e 40.000 máis en Camporrapado para que se poidan asentar novas empresas e consolidar as xa existentes”.

Por outra parte, o alcalde anunciou a posta en marcha dun “ambicioso programa de políticas sociais que dean protección a aquelas persoas que contan con menos recursos ou precisen máis nivel de asistencia, cunha especial dedicación aos nosos maiores e tamén ás familias”.

Para conseguilo, Rodeiro Tato tendeu a man aos tres concelleiros de Veciños de Boqueixón: “non creo nos recursos baleiros nin nos enfrontamentos sectarios. Non me gustan as discusións estériles nin a crítica por sistema. A miña intención é contar coa opinión e a colaboración de todos os membros desta corporación, sexan goberno ou sexan oposición”. Finalmente, agradeceu o labor realizado polos anteriores alcaldes: “Luís, Secundino, Adolfo, Suso e Manolo por traballar para facer un Boqueixón mellor”.



Nova corporación 2023-2027

- | | |
|-------------------------------------|--------------------------------------|
| - Ovidio Rodeiro Tato (alcalde, PP) | - Diego Esturao Rosende (PP) |
| - Gonzalo Redondo Rendo (PP) | - José Luis Mareque Simón (PP) |
| - Manuel Fernández Munín (PP) | - Iván Eirís Castro (VdB) |
| - Ángela Conde Leis (PP) | - Ángela Santasmarinas Lorenzo (VdB) |
| - Sonia Suárez Casal (PP) | - Marta da Silva Torres (VdB) |
| - José Manuel Iglesias Gómez (PP) | |

Continúa aberta a solicitude de axudas para promoción da natalidade

O Concello de Boqueixón lembra que a convocatoria pública de subvencións destinadas ao fomento da natalidade no municipio está aberta durante todo o ano 2023. Así, calquera familia de Boqueixón pode solicitar unha axuda de 400 euros por cada neno/a nado, acollido/a ou adoptado/a ata o 31 de decembro.

Para iso, deberán presentar a súa solicitude (por vía electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello) nun prazo máximo de 15 días naturais contados dende o día seguinte ao nacemento, adopción ou acollemento.

Os beneficiarios deberán utilizar os 400 euros de axuda para comprar produtos infantís (como alimentos e produtos de hixiene) e sempre en establecementos comerciais de Boqueixón. Deste xeito, o Concello apoia tanto ás familias como ao sector comercial local.

Melloras na calidade do subministro eléctrico na parroquia da Granxa

Cun investimento de máis de 70.000 euros mellorouse a calidade de subministro eléctrico en tres localidades da parroquia da Granxa: Ardilleiro Grande, Ardilleiro Pequeno e A Granxa. A actuación consistiu na reforma da rede aérea de baixa tensión desde o centro de transformación de Ardilleiro, que pasa de contar cunha única saída a dispoñer de tres saídas de baixa tensión.

O alcalde, Ovidio Roideiro, anuncia que “seguiremos traballando para mellorar a calidade do subministro eléctrico naquelas zonas nas que sexa



Cambiáronse 2.474 metros de cabreado para mellorar o servizo nas vivendas

necesario”. As obras acometidas por Unión Fenosa Distribución supuxeron o cambio de 2.474 metros de cabreado entre o centro de transformación de

Ardilleiro e a rede de baixa tensión que dá servizo ás vivendas desta parroquia. Así mesmo, cambiáronse sete postes en mal estado de conservación.



Case 50.000 € para mellorar o pavimento en Donas

A Xunta vén de rematar as obras de mellora do pavimento en Donas, nas que se investiron 48.400 euros grazas a un convenio de cooperación entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Boqueixón. Uns traballos que incluíron a instalación dun borde adoquinado, que non beirarrúa, na contorna da Casa Grande de Donas por indicación da DX de Patrimonio.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
03-xul	09-xul	Vigo	Campo da festa
10-xul	16-xul	Loureda	Campo da festa
17-xul	23-xul	Gastrar	Campo da festa
24-xul	30-xul	Boqueixón	Campo da festa
30-xul	08-ago	Codeso / Donas	Campo da festa de Codeso

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.
Web: www.boqueixon.gal

Correo electrónico: concello@boqueixon.com
Redacción e maquetación: Nós Comunicación
Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61
Educación e Cultura: 981 51 31 15
Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06



Que é?
É un instrumento de planificación clave no ámbito municipal para seguir removendo os obstáculos que impiden que a igualdade de mulleres e homes nos distintos eidos sexa real e efectiva.

Como se estrutura?
O V Plan de igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón 2023-2026 estrutúrase en **6 áreas estratéxicas, 6 obxectivos estratéxicos, 13 obxectivos operativos e 57 medidas.**

Cales son esas áreas estratéxicas?

- 1 Cambio de valores e modelos para a igualdade.
- 2 Desenvolvemento económico comprometido coa igualdade e coa conciliación corresponsable.
- 3 Participación social en igualdade e cidadanía activa.
- 4 Benestar e calidade de vida.
- 5 Sensibilización e intervención para a erradicación da violencia de xénero.
- 6 Transversalidade de xénero na actuación do Concello.

Consulta o plan na seguinte ligazón: <https://www.boqueixon.gal/piom-boqueixon>

RETNOVA

V Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Boqueixón 2023-26

O Concello de Boqueixón vén de aprobar o seu V Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes 2023-2026. Unha iniciativa que nace como froito das necesidades da poboación que se diagnosticaron a partir de consultas a diferentes axentes. Dende o CIM de Boqueixón consideran que a posta en marcha do Plan contribuirá

á diminución dos desequilibrios existentes entre mulleres e homes.

O Plan trata de consolidar o labor que desde hai anos se impulsa dende o Concello de Boqueixón para favorecer os cambios sociais, económicos e culturais que contribúan á eliminación das desigualdades que aínda persisten. Está estruturado en 6

áreas estratéxicas e un total de 57 medidas.

Entre esas áreas estratéxicas figuran gobernar con perspectiva de xénero e seguir impulsando medidas para favorecer a conciliación, o benestar e a calidade de vida; promover a participación social, a sensibilización e a intervención para a erradicación da violencia contra as

mulleres; sen esquecer a transversalidade de xénero nos diferentes eidos.

En definitiva, trátase de que o persoal do concello, entidades sociais e empresarial e a poboación en xeral teñan coñecemento non só da aprobación do novo plan de Igualdade, senón que se acheguen aos seus contidos en www.boqueixon.gal.



Espectaculares alfombras florais engalanaron as festas de Sergude

O minucioso traballo da veciñanza de Sergude quedou recollido nas espectaculares alfombras florais das Festas na Honra de San Antonio e Santísimo, acompañadas da música de Son de Gaita, Los Soprano e Dúo Chic.



A veciñanza de Codeso celebra as Festas de San Paio 2023

A veciñanza de Codeso celebrou as Festas na honra a San Antonio e San Paio con misas e moita música, con verbenas a cargo dos dúos Punto Zero e Cristina & Xela, así como sesións vermú cos grupos Pena do Corvo e Pandereteiras de Codeso.

O Lume Sagrado volve arder no Pico Sacro

Tras tres anos de ausencia, pola pandemia e pola chuvia que mesmo impediu este ano a súa celebración en todo o seu esplendor, a Cerimonia do Lume Sagrado volveu ao Pico Sacro. As tribos celtas de Boqueixón e Callobre, en menor número, reuníronse no máxico lugar para obter o Lume Sagrado, que foi entregado á veciñanza que se achegou para acender algunhas das 40 cacharelas que arderon no San Xoán.

A cerimonia puxo o punto e final ao programa “*Un mes e pico*”, dedicado á relación entre a literatura e o Pico Sacro, da que falaram tanto o escritor local Xosé Manuel Lobato e o sacerdote Francisco Javier Buide del Real como o director de cine e escritor Pablo Iglesias Rendo, quen presentou a súa novela “*Translatio*”. Tres iniciativas que encheron de público tanto a Capela de San Sebastián como o Centro de Interpretación do Pico Sacro.



De arriba a abaixo, cerimonia do lume sagrado e presentacións de X.M. Lobato, Pablo Iglesias e Francisco Javier Buide



Sesión de contacontos para despedir o curso na EIM Raíña Lupa

A rapazada da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa desfrutou dunha actuación especial co gallo da fin do curso: Migallas Teatro puxo en escena “*Cinco ratiños de conto*”. A actuación foi organizada polo Concello, dentro do programa Ler Conta Moito da Xunta.



Boqueixón promóvese en Turexpo

Boqueixón participou en Turexpo Galicia 2023, un salón celebrado no marco da Semana Verde de Galicia e que reuniu a máis de 100.000 persoas en Silleda. O stand do Concello promovía os atractivos turísticos do municipio, facendo fincapé nas súas dúas Festas de Interese Turístico: a Festa da Filloa de Lestedo e o Entrodio dos Xenerais da Ulla.

Un total de 210 persoas poderán baixar ás covas do Pico Sacro

O Concello de Boqueixón e a Federación Galega de Espeleoloxía organizarán un total de 42 visitas guiadas ás covas do Pico Sacro, que terán lugar os durante sete sábados dos meses de xullo a setembro, o que permitirá que 210 persoas descubran os segredos da cova máis lendaria de Galicia. Todas as persoas interesadas en participar na iniciativa “Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro” poderán anotarse no teléfono **982 507 227** ou na web <http://www.espeleoloxia.org/web/es/visitapicosacro/>

O prezo da visita guiada é de 30 €/persoa, que inclúe: visita guiada por monitores da Escola Galega de Espeleoloxía, equipamento (buzo, guantes, casco e lanternas frontais), seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes. As persoas empadroadas en Boqueixón terán un prezo especial de 20 €/persoa,



As baixadas son seguras e estarán guiadas por técnicos da Federación

mentres que a mocidade entre 14 e 18 anos desfrutará dunha tarifa de 15 €/persoa.

Haberá 7 días de visita, todos eles sábados: 1, 15 e 29 de xullo; 12 e 26 de agosto; e 9 e 23 de setembro en seis horarios diferen-

tes, tanto de mañá (de 9:30 a 12:00 h, de 11:00 a 13:30 h e de 12:00 a 14:30 horas) como de tarde (de 15:00 a 17:30, de 16:00 a 18:30 h e de 17:30 a 20:00 horas). Unha programación aberta a modificacións dependendo da climatoloxía.



Boqueixón acollerá o Goza do Ulla o 22 de xullo

A Feira Semana Verde acolleu a presentación do programa “Goza do Ulla”, promovido polos vinte municipios que atravesa o río Ulla e que comezou o 10 de xuño en Dodro e rematará o 26 de outubro en Valga. Boqueixón será a segunda cita e a camiñata terá lugar o 22 de xullo polo roteiro de pescadores, duns 10 km de lonxitude. Inscricións en gozadoulla@gmail.com e en Turismo de Boqueixón.



Esteban Mareque volve proclamarse campión de España de Wushu

O loitador boqueixanés Esteban Mareque vén de proclamarse por cuarta vez campión de España de Wushu, na categoría de menos de 65 quilos. Mareque conseguiu o ouro nos XXXVII Campionatos de España de Wushu, disputados en Alcalá de Henares (Madrid).



A Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo celebra o xantar anual

Gran participación veciñal no xantar que todos os anos organiza a Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo. Un acto ao que asistiu o alcalde, Ovidio Rodeiro, quen fixo un recoñecemento ao traballo das presidentas da entidade: Maruja de Pepa, Loli de Rubial, Maruja de Barros, a finada Carmen Núñez, Genma e Carmen Mella.

O descenso do Ulla en piragua terá lugar o 8 de xullo

O Concello de Boqueixón organiza un ano máis o tradicional descenso do Ulla en piragua, que terá lugar o sábado 8 de xullo. O prezo da inscrición é de 25 euros e inclúe praza nunha piragua para 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro.

Nova convocatoria do Programa de Turismo do IMSERSO

O IMSERSO abriu ata 25 de xullo o prazo de solicitude para o seu Programa de Turismo Social para maiores. A convocatoria está dirixida a persoas que participen por primeira vez no programa, ao resto chegaralles as cartas de renovación ao domicilio.

Un total de 150 mozos e mozas disfrutan dos campamentos de verán

Un total de 150 mozos e mozas de Boqueixón e de Vedra, de entre os nove e os catorce anos de idade, disfrutaron de nova días de campamento no Albergue Xuvenil das Sinas e no Camping Paisaxe 1, en Vilanova de Arousa.

Unhas instalacións emprazadas á beira do mar e que contan tamén cunha gran pista polideportiva, o que lles permite realizar todo tipo de actividades físicas (fútbol, baloncesto, volei praia...) e náuticas (vela, piragua, caia polo, snorkel, paddlesurf, surfcamp, skimboard...).

Os alcaldes dos Concellos de Boqueixón, Ovidio Rodeiro Tato, e Vedra, Carlos Martínez Carrillo, aproveitaron para facerlles unha rápida visita e compartir unhas horas de diversión con eles.



Os alcaldes de Boqueixón e Vedra visitaron á rapazada nos campamentos



Curso de formación en voluntariado e mediación

30 mozos/as participan no Forte nun programa de formación en voluntariado e mediación xuvenil organizado polo Servizo de Prevención de Condutas Adictivas de Boqueixón, Teo e Touro, en colaboración coa Consellería de Sanidade. Trata sobre educación emocional, habilidades sociais, educación en valores e autoestima.



Visita ao centro en Quián da Asociación Pura Raza Cabalo Galego

A rapazada da EIM Raíña Lupa visitou o centro da Asociación Pura Raza Cabalo Galego no Pazo de Quián, onde asistiron a unha exhibición de doma de alta escola con cabalos de Pura Raza Galega en liberdade e doma de alta escola con exercicios montados.



Gran éxito de "Lupiña e o seu bosque máxico"

"Lupiña e o seu bosque máxico", conto de Raquel Sánchez Mella e editado polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, arrasa por onde vai. Acompañada pola divertida posta en escena de Trémola Teatro, este conto conquistou xa á rapazada do CPI Antonio Orza Couto, do CRA de Boqueixón e Vedra e mesmo na casa da cultura de Camporrapado.



Gran participación do alumnado nas clases de ioga e benestar impartidas todos os mércores pola tarde na Casa da Cultura de Campo rrapado



O Concello organizou tres grupos diferentes de novas tecnoloxías para maiores



Un dos obradoiros prácticos para aprender a manexar o móbil



Grazas aos obradoiros da memoria, os nosos maiores estimularon e reforzaron as súas funcións cognitivas: memoria, linguaxe, percepción...



Fin de curso nas clases de memoria, ioga e novas tecnoloxías

Algo máis de oitenta persoas participaron nas actividades para adultos convocadas polo Concello de Boqueixón durante o ano e que agora se toman unhas merecidas va-

cacións de verán. Son o caso das clases de ioga, impartidas por Agora Yoga; dos obradoiros da memoria ou das clases de novas tecnoloxías, nas que se montaron ata tres grupos.



Tres medallas no Campionato Galego para o Ágora Boqueixón de Patinaxe Artística

Gran colleita de medallas para o Ágora Boqueixón de Patinaxe Artística nos Campionatos de Galicia disputados en A Coruña. Aló, Antía Lourido proclamouse campioa galega xuvenil, mentres que Hugo Bercero lograba o sub-campionato cadete mas-

culino, categoría na que o seu compañeiro Raúl Sánchez acadou a medalla de bronce. Con estes resultados, os tres deportistas de Boqueixón conseguen praza para o Campionato de España, que terá lugar en Parets (Barcelona) do 27 ao 29 de xullo.

A piscina municipal estará aberta ata o 8 de setembro

A piscina municipal de Boqueixón vén de abrir a súa tempada de verán. As instalacións, emprazadas no Forte, permanecerán abertas ao público ata o vindeiro 8 de setembro en horario de 15:00 a 21:00 horas, de luns a domingo. En caso de mal tempo, a piscina permanecerá pechada. Ata o 3 de xullo haberá xornadas de portas abertas para facilitar que a veciñanza retire os seus bonos.

O prezo da entrada individual é de 3,71 €. Os prezos dos bonos de 20 entradas son de 6,17 € (para menores ata 16 anos) e de

12,34 euros (para maiores de 16 anos). Ademais, ofrécense diferentes opcións de abonos familiares de 20 entradas: pai e nai (15,43 €), 1º fillo (6,17 €), 2º fillo (3,09 €) e de balde para os seguintes.

A adquisición dos bonos deberase facer previo pago ao Concello de Boqueixón no número de conta ES68 2080 0320 2531 1000 0666. Despois entregárase o recibo ou xustificante de ingreso na piscina municipal, onde se retirará o abono.

Outras actividades

De xeito paralelo, a



As instalacións do Forte estarán abertas en horario de 15:00 a 21:00 horas

piscina municipal de Boqueixón acollerá de luns a venres polas mañás as actividades do programa do Plan Corresponsables Verán Activo, así como os cursos de natación, dirixidos a escolares de Infantil e Primaria. Uns cursos de natación que terán lugar durante os meses de xullo e agosto.

Nes están anotadas 25 persoas, de idades comprendidas entre os 4 e os 15 anos, e darán comezo o luns 3 de xullo

Bibliopiscina

Así mesmo, todos os días nos que piscina estea aberta haberá servizo de bibliopiscina con libros para as familias. Unha oferta de lecer que se completará con actividades especiais, como a actuación da Maga Fani prevista para o mércores 19 de xullo.

Pola súa banda, ata o vindeiro 15 de setembro a biblioteca manterá o seu horario de verán: de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.

AXENDA DO MES DE XULLO

Domingo 2 **Dani Polo. "Combina"**
Campo da Feira de Lestedo.
Ás 12:45 horas
Show de maxia para todos os públicos.

Sábado 8 **Descenso do Ulla en piragua**
Desde as Illas de Gres ata a área de recreo de Agronovo
Maiores de 13 anos.
Prazas limitadas.

Venres 15 **Visitas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro**
Ás 9:30, 11:00, 12:00, 15:00, 16:00 e 17:30 horas
Inscripcións en www.espeleoloxia.org/web/es/visitapicosacro

Domingo 16 **"Os Bolechas deportistas xogan no tempo"**
Carballeira de Rodiño. Ás 18:00 h
Entrada libre e de balde.

Mércores 19 **A maga Fani. "Novidades Magnéticas"**
Piscina municipal. 19:00 horas.

Mércores 22 **Goza do Ulla**
Ruta dos pescadores.
De 10:00 a 12:30 h
Roteiro lineal de 10 km.
Necesaria inscrición previa en gozadoulla@gmail.com.

Venres 15 **Visitas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro**
Ás 9:30, 11:00, 12:00, 15:00, 16:00 e 17:30 horas
Inscripcións en www.espeleoloxia.org/web/es/visitapicosacro

Luns 31 **Galitoo. "The show Moscón"**
Instalacións do Forte 10:00 h.
Inscripcións: 981 513 115.

... e en agosto

Venres 4 **Noite Velada**
Ponte Ledesma. 21:30 h.
Actuación do grupo "De Ninghures".

Domingo 6 **Batalla de Ponte Ledesma**
Ponte Ledesma. 20:00 h.
Suso Martínez (actor e narrador) e Manoele de Felisa (músico). **Buscamos figurantes para participar** como Tropa francesa, Exército de Trasdeza, Batallón Literario ou Petrucios da Xunta de Trasdeza. **Animáte!**
Chama ao Dpto de Cultura: 981 513 115.

Luns 28 **Coidados porta a porta**
O Forte, a carón do campo de fútbol. 28, 29 e 30 de agosto.
Gratuito. Necesario solicitar cita previa en agosto.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com